

Roberto Dopico con “Halo”, e Nicolasa González con “Jef” novos campións provinciais masculino e feminino de Caza San Huberto.

O pasado 12 de agosto, nos terreos da sociedade de cazadores Urogallo de Ferrol, disputábase o Campionato Provincial de Caza San Huberto, sobre perdiz sementada, clasificatorio para a formación da selección provincial que acudirá ao Campionato Galego da modalidade.

Na competición participaban 22 cazadores.

Xulgaron o campionato, os xuíces da Federación Galega de Caza, José Lugris, David Romero e Esteban Cambón.

Na **categoría masculina** impúxose **Roberto Dopico Dopico co can “Halo”**, un Deutsch Drahthaar macho, mentres que en **féminas a campiona foi Nicolasa González Carrodegas, con “Jef”**, un setter inglés macho.

O resto da clasificación quedou como segue:

CLASIFICACIÓN	NOME CAN	CONDUCTOR
CATEGORÍA MASCULINA		
1º	Halo	Roberto Dopico Dopico
2º	Sión	Antonio Dopico Gato
3º	Ha da Chousa	José Sanmartín Pérez
4º	Zum	José Lage Lis
5º	Tris da Chousa	Jorge Martín Sánchez
6º	Stone	Pedro Varela Abeledo
CATEGORÍA FEMININA		
1º	Jef	Nicolasa González Carrodegas
2º	Jara	Cristina Sanmartín Porca